

30 XAN. 2015

PREGO DE CLÁUSULAS TÉCNICAS E ECONÓMICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN, MANTEMENTO, REPOSICIÓN E NOVA IMPLANTACIÓN DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL, BOLARDOS, ELEMENTOS DE PROTECCIÓN, ORDENACIÓN E BALIZAMENTO DO TRÁFICO DO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO.

ÍNDICE:

CAPÍTULO I: Obxecto e ámbito de aplicación.

- artº 1) Obxecto
- artº 2) Ámbito de aplicación
- artº 3) Descrición das obras
- artº 4) Servizos de inspección
- artº 5) Reparación anomalías detectadas
- artº 6) Normas complementarias para reparación de anomalías

CAPÍTULO II: Formato da sinalización.

- artº 7) Forma, dimensións, cores e clases
- artº 8) Formato marcas viarias
- artº 9) Formato sinalización vertical e catálogo oficial de sinais.

CAPÍTULO III: Características dos materiais.

- artº 10) Características xerais dos materiais
 - 1) Pintura convencional.
 - 2) Termoplástico de aplicación en quente (spray - plástico)
 - 3) Plásticos en frío de dous compoñentes.
 - 4) Microesferas de vidro.
 - 5) Agregados antideslizantes.
 - 6) Pinturas especiais e produtos adheridos ao pavimento.
 - 7) Materiais a empregar na sinalización vertical de aceiro.
 - 8) Materiais a empregar na sinalización vertical de aluminio.
 - 9) Barreiras de seguridade metálica.
- artº 11) Características particulares dos materiais.

CAPÍTULO IV: Disponibilidade de medios.

- artº 12) Persoal
- artº 13) Maquinaria de aplicación
- artº 14) Outros medios.
- artº 15) Programa de xestión documental.
- artº 16) Existencias en almacén

CAPÍTULO V: Execución dos traballos.

- artº 17) Execución dos traballos:
 - a) Plan de Seguridade e Saúde.
 - b) Documentación e materiais a empregar
 - c) Control de calidade e toma de mostras. Ensaio e control dos traballos.

- d) Sinalización horizontal.
- e) Execución da sinalización vertical
- f) Bolardos, biondas e outros elementos do contrato.
- g) Condición xeral.
- artº 18) Organización dos traballos a realizar
- artº 19) Sinalización traballos a realizar
- artº 20) Vehículos estacionados. Sinalización contratista
- artº 21) Horario dos traballos.
- artº 22) Protección traballos recentemente executados
- artº 23) Precaución evitar accidentes
- artº 24) Ordenanzas municipais de aplicación.
- artº 25) Mantemento de equipos, de ferramentas e instalacións
- artº 26) Tratamento de residuos
- artº 27) Partes de Traballo
-

CAPÍTULO VI: Condicións económicas

- artº 28) Presuposto do contrato
- artº 29) Medicións e abono:
 - a) Marcas viarias
 - b) Sinais verticais, bolardos. Outros.
 - c) Barreiras de seguridade.
 - d) Abastecemento.
 - e) Persoal.
 - f) Prezos
 - g) Certificacións
- artº 30) Prezos contraditorios.
- artº 31) Reversión instalacións e equipos.

ANEXO I:

Plano sectores

ANEXO II:

a) Cadro de prezos unitarios

- Sinalización horizontal.
- Sinalización vertical.
- Bolardos e outros.

b) Cálculo do presuposto.

- Persoal permanente.
- Sinalización horizontal.
- Sinalización vertical.
- Bolardos e outros.

ANEXO III:

Lexislación laboral

ANEXO IV:

Bolardos: Cidade. Vela. Ensanche. Esquemas



CAPÍTULO I: Obxecto e ámbito de aplicación.

Art. 1) Obxecto

O obxecto deste Prego é o de fixar as condicións técnicas e económicas, tanto dos materiais empregados, como do propio servizo prestado, que rexerán durante a execución do contrato de instalación, mantemento e conservación da sinalización horizontal, a sinalización vertical non luminosa, os bolardos e os elementos de protección e de balizamento da rede viaria do termino municipal de Santiago de Compostela, que se recollen neste Prego, base técnica para a prestación dos servizos de:

1) *Subministro, implantación e mantemento de marcas viarias: Repintado, nova sinalización e o seu borrado.*

Como sinalización horizontal se entende as marcas viarias de calquera tipo realizadas sobre o pavimento viario (liñas, frechas, palabras, símbolos, etc.), cor (branco, amarelo, vermello, negro, azul, etc.) e en calquera clase de pavimento (asfáltico, adoquín, formigón, outros.), definidas neste Prego e nos seus Anexos, e comprende:

- a) O borrado de marcas viarias desgastadas, inadecuadas ou obsoletas.
- b) A substitución de marcas viarias por outras novas, mais adecuadas ou actualizadas, mediante replanteo e marcado.
- c) O repaso periódico da pintura de calzadas, illetas, bordillos, etc.
- d) A modificación, adaptación, adición ou incorporación de marcas viarias á vía pública que contribúan a mellorar as condicións de circulación e seguridade viaria.

2) *Subministro e instalación e mantemento de toda clase de sinais verticais:*

Mantemento de toda clase de sinais verticais: de advertencia, perigo, de regulamentación, informativa urbana, etc que serven para regular o tráfico e proporcionar advertencia ou información ós usuarios das vías. En xeral están comprendidos tódolos sinais verticais utilizados para usos circulatorios (excluídos semáforos, paneis informativos de aparcamentos e convencionais –pórticos- e a sinalización informativa turística) das vías de titularidade do Concello de Santiago.

Igualmente queda incluído o mantemento dos diferentes tipos de soportes para os citados sinais, así como as pezas de ancoraxe, tornillería e as cimentacións correspondentes.

As labores a realizar en canto á sinalización vertical non luminosa definida neste Prego de Prescricións Técnicas Particulares serán as seguintes:

- a) Recolocación de sinais de chapa de aceiro galvanizado e aluminio anodizado.
- b) Nova instalación de sinais verticais de chapa de aceiro e de aluminio, incluso os elementos necesarios de sustentación
- c) Recollida e, no seu caso, almacenamento dos elementos de sinalización que temporalmente sexan retirados da vía pública, en calquera suposto que así o esixa, sen custe adicional para este Concello.

d) Recollida e reciclado, conforme á normativa medioambiental vixente, de todo o material desechado e reacondicionado da zona ata cumprir as normas de seguridade e saúde, de modo que non represente perigo nin dano para ningún dos elementos que conforman o tráfico urbano, sen custe adicional para este Concello.

3) Subministro, instalación e mantemento de balizamento:

As labores a realizar en canto ao balizamento definido neste Prego de Prescricións técnicas Particulares serán as seguintes:

a) Nova instalación de barreira de seguridade, instalada nos marxes das vías cuxa finalidade será proporcionar un nivel de contención para vehículos fora de control.

b) Mantemento e nova instalación da barreira de seguridade existente, adaptándoa aos criterios de aplicación de barreiras de seguridade metálicas (Orden Circular 28/2009) e ao artigo 704 do PGT-3 e as súas correspondentes actualizacións e demais normativa de obrigado cumprimento.

c) Recollida e, no seu caso, almacenamento dos elementos de sinalización que temporalmente sexan retirados da vía pública, en calquera suposto que así o esixa, sen custe adicional para este Concello.

d) Recollida e reciclado, conforme á normativa medioambiental vixente, de todo o material desechado e reacondicionado da zona ata cumprir as normas de seguridade e saúde, de modo que non represente perigo nin dano para ningún dos elementos que conforman o tráfico urbano, sen custe adicional para este Concello.

En relación ca instalación de captafaros e elementos de balizamento cumpriranse os artigos 702, 703 do PGT-3 e as súas correspondentes actualizacións e demais normativa de obrigado cumprimento.

4)Subministro, instalación e mantemento de bolardos:

a) Nova instalación de bolardos, nos bordes das beirarrúas, cuxa finalidade será ordenar a circulación de vehículos e impedir o seu aparcamento indebido.


b) Mantemento dos bolardos existentes, realizando as operacións de acordo co PGT-3 e as súas correspondentes actualizacións e demais normativa de obrigado cumprimento.

c) Recollida e, no seu caso, almacenamento dos bolardos que temporalmente sexan retirados da vía pública, en calquera suposto que así o esixa, sen custe adicional para este Concello.

d) Recollida e reciclado, conforme á normativa medioambiental vixente, de todo o material desechado e reacondicionado da zona ata cumprir as normas de seguridade e saúde, de modo que non represente perigo nin dano para ningún dos elementos que conforman o tráfico urbano, sen custe adicional para este Concello.

5) Subministro, instalación e mantemento de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta:

a) Nova instalación de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta, nas vías municipais cuxa finalidade será advertir aos condutores de que pode ser necesario realizar algunha acción preventiva.



CONCELLO DE SANTIAGO

b) Mantemento e nova instalación de bandas transversais de alerta existentes, adaptándoa aos criterios de aplicación da Orden FOM / 3053/ 2008, Instrución Técnica para a instalación de redutores de velocidade e bandas transversais, e demais normativa de obrigado cumprimento.

c) Recollida e, no seu caso, almacenamento dos elementos que temporalmente sexan retirados da vía pública, en calquera suposto que así o esixa, sen custe adicional para este Concello.

d) Recollida e reciclado, conforme á normativa medioambiental vixente, de todo o material desechado e reacondicionado da zona ata cumprir as normas de seguridade e saúde, de modo que non represente perigo nin dano para ningún dos elementos que conforman o tráfico urbano, sen custe adicional para este Concello.

A implantación das marcas viarias, sinalización vertical e balizamento e demais elementos obxecto deste Prego, será ordenada polos técnicos da Técnico Municipal da Sección de Circulación.

O subministro, instalación, mantemento e conservación de Sinalización horizontal, vertical e do balizamento comprende todos os elementos expresados neste Prego.

O custe económico de ditos traballos axustarase ao expresado no Anexo II de este Prego Técnico.

6) Asesoramento na revisión da sinalización horizontal, vertical e dos elementos que se inclúen neste Prego e que existan nas vías do Concello de Santiago, especialmente no referente a:

- Ordenación de cruces.
- Novas vías que acolla o Concello procedentes doutras Administracións e novas urbanizacións.
- Emitindo os informes oportunos, de acordo coa norma ou directriz municipal vixente, redactando as propostas oportunas de selo caso.
- Melloras da seguridade viaria e da ordenación do tráfico.

7) Inspeccións:

O contratista comprobará diariamente o estado da sinalización horizontal, vertical e demais elementos incluídos neste Prego, procedendo á reparación á maior celeridade das que representen perigos inminentes para a seguridade ou para a regulación do tráfico.

8) Mantemento do programa de sinalización e implantación programa de xestión documental:

O adxudicatario estará obrigado a realizar a toma de datos da sinalización e dos elementos incluídos neste Prego, no primeiro ano do contrato para complementar os que dispón o Concello, no programa INCA de xestión de sinalización de propiedade municipal, realizando a inclusión de datos na aplicación, e información gráfica asociada aos mesmos, e mantelo actualizado, correndo a súa conta os gastos de mantemento, e actualización do programa. A actualización dos traballos que se realicen, realizarase diariamente.

O contrato de mantemento esixe a implantación e posta en marcha dun software de xestión, con actualización continua de datos, que permita xestionar as ordes de

traballo, as relacións valoradas, presupostos, datos estatísticos, prazos de execución, base de datos de actuacións, etc, así como extraer información cuantitativa sobre a execución dos traballos e do estado dos elementos da rede de sinalización horizontal, vertical e demais elementos obxecto do contrato. Correndo por conta do adxudicatario os gastos de implantación, licenza, mantemento e actualización do programa.

Este programa e toda a documentación que se xenere do mesmo pola execución do contrato será de propiedade exclusiva do Concello de Santiago de Compostela, quedando prohibida a súa utilización marxinal ou retirada polo contratista, salvo autorización expresa da Dirección Facultativa.

Tamén será de conta do adxudicatario, a formación do persoal municipal que manexe estes programas.

Os programas serán compatibles cos medios que dispoña o Concello.

9) A sinalización vertical e demais elementos *serán facilitados* polo Concello *ou serán subministrados polo adxudicatario*, sendo a súa obriga a de dispoñer de todos os elementos, soportes, ancoraxes, tornillería, cimentacións e demais elementos necesarios para a reparación e o mantemento.

10) O Concello de Santiago resérvase o dereito de *executar directamente ou mediante terceiros os traballos* e abastecementos desta índole que estime oportunos, así como de contratar mediante proxectos similares ou distintos, con outras empresas ou persoas sen que as decisións adoptadas poidan ser obxecto de reclamación por parte do adxudicatario.

Este Prego non concede, baixo ningún concepto exclusividade.

Art. 2) Ámbito de aplicación:

O presente Prego será de aplicación en tódalas vías que á entrada en vigor do contrato sexan de titularidade do Concello de Santiago, e en todas aquelas que pasen a ser de titularidade municipal dentro do período de vixencia do mesmo, ben sexa por cesión doutras Administracións, ou por recepción definitiva de obras de urbanización unha vez finalizado o período de garantía das mesmas.

Exclúense as zonas privadas nas que non está regulada a circulación polo Concello, as zonas e vías que son de competencia doutros organismos oficiais, e aquelas rúas que aínda que teñan uso público, non son de titularidade municipal.

Durante a vixencia do contrato, o adxudicatario farase cargo das novas instalacións que se realicen tanto polo Excmo. Concello como por terceiros, e prestará o servizo correspondente de acordo co especificado no Prego.

As instalacións novas realizadas por terceiros, deberán ser revisadas polo contratista, quen informara ao Técnico Municipal da Sección de Circulación da bondade destas.

Art. 3) Descrición das obras.

No presente Prego de Condicións inclúese a valoración das distintas unidades de obra de sinalización horizontal, vertical e dos outros elementos incluídos neste Prego, que se estiman que poidan utilizarse en función das necesidades xurdidas durante a vixencia do contrato no temo municipal. Isto aparece recollido no cadro de prezos do documento Presuposto, anexo II.

As tarefas refírense ós propios sinais horizontais e verticais e aqueles outros de balizamento necesarios para a realización dos traballos ou por necesidade do servizo. Tamén ditas tarefas poden incluír accións e subministros cuxos conceptos non estean refrexados no Cadro de Prezos do Prego.

Inténtase contar cunha empresa especializada que manteña a sinalización, e demais elementos. realice ordenacións de tráfico, aporte a colaboración e estudo, revise a sinalización existente propoñendo a realización ou modificación das mesmas segundo as circunstancias detectadas, e presentará asistencia de campo ó persoal técnico municipal.

Art. 4) Servizos de inspección:

a) *Da sinalización horizontal.*

Diariamente o contratista comprobará o estado das distintas marcas viarias, poñendo especial atención nas obras realizadas na calzada e que supoñan a apertura de gabias ou calicatas e que afecten á sinalización horizontal, indicando a empresa ou persoas que as realizan, e as deficiencias observadas en cada unha delas.

b) *Da sinalización vertical.*

Diariamente o contratista comprobará o estado da sinalización vertical e dos seus compoñentes: placa, cartel, información, elementos de sustentación, soportes, ancoraxes, cimentación, visibilidade e en xeral de tódolos elementos visibles das instalacións.

Como resultado da inspección, procederase axiña á resolución das anomalías que supoñan un perigo inminente na seguridade das persoas, animais ou cousas, ou da regulación do tráfico.

Por exemplo: Ausencia de placa, perigo de caída de placa ou de algún dos compoñentes desta por defecto, ou soporte dos elementos de suxeición ou cimentación.

Comprobarase igualmente, se durante a realización das obras na vía pública ou coma consecuencia de accións de terceiros, ocasiónanse danos ou modificacións na sinalización vertical, dando conta ao Técnico Municipal da Sección de Circulación de quen as realiza e das deficiencias observadas nelas.

c) *Xeral da sinalización, dos bolardos e outros elementos obxecto de contrato.*

Diariamente, o adxudicatario presentará un parte ao Técnico Municipal da Sección de Circulación no que figuren as anomalías detectadas, operacións efectuadas e outros datos, de forma que quede revisada a sinalización horizontal, vertical, bolardos e demais elementos cuatrimestralmente en zona urbana e semestralmente na zona rural, sempre e cando non se reduzan estes no plan de traballos.

O contratista deberá comprobar e reparar as anomalías que detecte, e as que lle sexan comunicadas pola Policía Local ou polos propios usuarios, debendo de dar conta diariamente das comprobacións efectuadas e dos traballos realizados.

Nos partes de traballo figurarán os medios e materiais empregados, así como o tempo de realización das operacións.

Presentará ao Técnico Municipal da Sección de Circulación un resumo semanal dos traballos realizados.

Para a modificación ou nova instalación da sinalización existente, contarase en tódolos casos, ca aprobación do Técnico Municipal da Sección de Circulación.

Art. 5) Reparación das anomalías detectadas

Como principio, o contratista está obrigado á localización e reparación de tódalas anomalías que se produzan nas instalacións obxecto do contrato calquera que sexa a súa orixe.

As anomalías para os efectos do presente contrato dividiranse:

- Anomalías moi urxentes: a executar no prazo máximo de vinte catro horas.
- Anomalías urxentes: a executar no prazo máximo de corenta e oito horas.
- Resto de anomalías no prazo máximo de sete días

Estes prazos se entenden como días laborables a contar desde a notificación mediante a recepción da Orden de Traballo ou chamada telefónica en todo os casos.

A execución da reparación dependendo da dificultade desta, e en todo caso, acomodando os prazos de execución que, atendendo á súa importancia ou perigosidade, sinala o Técnico Municipal da Sección de Circulación.

Os traballos comprendidos neste Prego, serán executados en horario nocturno, se así o determina o Técnico Municipal da Sección de Circulación, sendo certificados aos prezos determinados no cadro de prezos, sen que estes poidan ser modificados.

O adxudicatario terá a obrigaçión de descargarse o software de xestión as Ordes de Traballo emitidas no prazo máximo de vinte catro horas a partir do momento no que sexa avisado telefonicamente da existencia de algunha delas.

O contratista esta obrigado ao cumprimento do prazo xeneral para a total realización dos servizos e dos prazos parciais fixados ao aprobarse o Programa de Mantemento que se indica no artigo anterior, así como os das Ordes de Traballo que reciba da Dirección Facultativa.

Art. 6) Normas complementarias para a reparación das anomalías


Se sé detecta unha anomalía, o contratista adoptará se é necesario de súbito, as medidas pertinentes para evitar ou reducir os posibles deterioros nas instalacións afectadas ou eliminar o perigo na seguridade das persoas, animais ou cosas ou do tráfico en xeral.

O custo de reparación das anomalías será establecido nas condicións e prezos do contrato, e incluídos na certificación correspondente sempre e cando a anomalía non se producise coma consecuencia do defectuoso desenvolvemento das obrigacións contratadas.

O material de substitución será de características idénticas ó substituído, debendo entregarse este nos almacéns municipais, sendo neste caso condición imprescindible para que o seu custo sexa incluído polo contratista na certificación correspondente.

O Técnico Municipal da Sección de Circulación resérvase o dereito de variar o tipo ou as características dos elementos a substituír, non producíndose variación nos prezos se o material empregado é similar ó especificado no cadro de prezos.

Para a reparación de anomalías o contratista dispoñerá dos medios persoais, equipos e materiais necesarios en número, cualificación e calidade, que permitan a



CONCELLO DE SANTIAGO

reparación nos prazos establecidos nas horas seguintes á detección, dependendo da dificultade da mesma e en todo caso acomodándose ós prazos de execución que en función da súa perigosidade sinale o Técnico Municipal da Sección de Circulación.

O adxudicatario presentará informe resumo mensual valorado e anual das operacións efectuadas no ano en curso.

Poderase modificar a periodicidade dos resumos e informes en función das necesidades do servizo.

CAPÍTULO II: Formato da sinalización.

Art. 7) Formas, dimensións, cores e clases:

As formas, dimensións e cores das marcas viarias e sinais de circulación, axustaranse en xeral, ó establecido no Regulamento Xeral de Circulación, Real Decreto 1428/2003 de 21 de decembro.

Art. 8) Formato marcas viarias:

As formas, cor, deseño, significado e dimensións das marcas viarias, axustaranse ás normas específicas que poida adoptar o Concello de Santiago ou no seu defecto, estarase ó disposto no Anexo I do Regulamento de Circulación.

Art. 9) Formato da sinalización vertical e catálogo oficial de sinais:

- A forma, dimensións e cores dos sinais, axustaranse ó que indica o Título IV do Regulamento Xeral de Circulación, R. Dto. 1428/2003 de 21 de novembro.

A sinalización informativa realizárase de acordo coas "Recomendacións sobre sinalización informativa urbana".

- O Catálogo oficial de sinais de circulación está constituído polos documentos que se relacionan a continuación:


Sinalización Vertical	Norma de Estradas: 8.1.-I.C.
Marcas Viarias	Norma de Estradas: 8.2.-I.C.
Sinalización de Obras	Norma de Estradas: 8.3.-I.C.
Catálogo de sinais verticais de Circulación	Tomos I e II

Será de aplicación o PGT- 3 e actualizacións e Guía para o proxecto e execución de obras de sinalización horizontal e vertical, biondas, bolardos, sinal tipo europeo, bandas sonoras, hitos, e demais normativa complementaria ou que a substitúa.

Terase en conta a Guía para ao proxecto e execución de obras de sinalización horizontal.

Os documentos indicados forman parte da regulación básica establecida pola Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

Serán de aplicación as normativas complementarias a estas, e as que as substitúan.



CONCELLO DE SANTIAGO

CAPÍTULO III:

Art. 10).- Características xerais dos materiais.

10.1.- Pintura convencional.

10.1.1.- Composición das pinturas.

A pintura será acrílica especial cidade e a composición destas pinturas queda libre a elección dos fabricantes, aos cales se lles dá un amplo marxe na elección das materias primas e procedementos de fabricación empregados. Sempre e cando as pinturas acabadas cumpran as exixencias deste capítulo.

10.1.2.- Características da pintura.

10.1.2.1.- Requisitos.

Resistencia ao sangrado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE-EN 1871, a diferenza entre o factor de luminancia da película seca de pintura aplicada sobre a parte da probeta recuberta co material bituminoso e o da aplicada sobre a parte cuberta con cinta de celofán, non será superior a cinco centésimas (0.05) tanto para a cor branca como para o amarelo.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135.200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia será, al menos de oitenta e cinco centésimas (0.85) para a pintura branca e de corenta centésimas (0.40) para a pintura amarela.

TABULA 1

Cor	Coordenada	Vértices dos polígonos da cor			
		1	2	3	4
Blanco	X	0,355	0,305	0,285	0,335
	Y	0,355	0,305	0,325	0,375
Amarelo	X	0,443	0,545	0,465	0,389
	Y	0,399	0,455	0,535	0,431

Poder cubrinte: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135213, a relación de contraste da película seca de pintura será, al menos de noventa e cinco centésimas (0.95) para a pintura branca e de noventa centésimas (0.90) para a pintura amarela.

Tempo de secado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135202, o tempo de secado á rodadura non será superior a trinta minutos (30 min)

Estabilidade en envase cheo: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 48083, despois de haber sometido a pintura a 60°C durante 18 h nun envase metálico hermeticamente pechado, non se producirá unha variación na súa consistencia maior a cinco unidades Krebs (5UK), nin se apreciará formación de peles, coágulos ou depósitos duros.

Envellecemento artificial acelerado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135.200/2, a variación do factor de luminancia non será superior a cinco centésimas (0.05), respecto ao valor orixinal, e as coordenadas cromáticas (x,e) do material envellecido estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. As mostras ensaiadas non presentarán ningunha anomalía respecto á de referencia, nin defecto superficial algún.

Resistencia aos álcalis: o ensaio e a valoración dos resultados realizarase conforme indica a norma UNE-EN 1871.

10.1.2.2.- Requisitos de identificación.

Consistencia Krebs: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 48076, a consistencia Krebs non diferirá en ± 10 KU respecto do valor declarado polo fabricante.

Contido en sólidos: Materia non volátil: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE-EN 12802, o tanto por cento en peso de materia non volátil, non diferirá en $\pm 2\%$ respecto do valor declarado polo fabricante.

Contido en ligante: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE-EN 12802, o tanto por cento en contido en ligante, non diferirá en $\pm 5\%$ respecto do valor declarado polo fabricante.

Densidade relativa: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 48098, a densidade relativa da mostra, non diferirá en ± 0.02 unidades respecto do valor declarado polo fabricante.

Tempo de secado: realizado o ensaio segundo a norma UNE 135202, o tempo de secado á rodadura non será superior a 30 minutos.

Poder cubrinte: realizado o ensaio segundo se indica en la norma UNE 135213, o resultado obtido, non diferirá en máis dunha centésima (0.01) respecto do valor declarado polo fabricante.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia non diferirá en máis de dúas centésimas (0.02) respecto do valor declarado polo fabricante, nin será inferior ao especificado no apartado anterior (0.85 para a pintura branca e 0.40 para a pintura amarela).

10.2.- Termoplástico de aplicación en quente. (spray - plástico).

Estas pinturas deberán aplicarse indistintamente por extrusión ou mediante pulverización con pistola, permitindo a adición de microesferas de vidro inmediatamente despois da aplicación.

10.2.1.- Características do material.


10.2.1.1.- Requisitos.

Punto de reblandecemento: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135222, o valor obtido para o punto de reblandecemento non será inferior a 95°C.

Resistencia ao fluxo: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135223, a diminución de altura do cono do material termoplástico, non será superior ao 5%.

Temperatura de inflamación: realizado o ensaio segundo o especificado na norma UNE 135200/2, a temperatura de inflamación en vaso aberto Cleveland non será inferior a 235°C.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia será, al menos de oitenta centésimas (0.80) para a pintura branca e de corenta centésimas (0.40) para a pintura amarela.



CONCELLO DE SANTIAGO

Coordenadas cromáticas dos vértices dos polígonos de color

Estabilidade ao calor: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135221, a variación do factor de luminancia non será superior a tres centésimas (0.03) para a pintura branca nin a dez centésimas (0.10) para a pintura amarela. As coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1, así como a película aplicada despois do ensaio, non presentará defecto superficial algún.

Envellecemento artificial acelerado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135.200/2, a variación do factor de luminancia non será superior a cinco centésimas (0.05), respecto ao valor orixinal, e as coordenadas cromáticas (x,e) do material envellecido estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. As mostras ensaiadas non presentarán ningunha anomalía respecto á de referencia, nin defecto superficial algún.

Resistencia aos álcalis: o ensaio e a valoración dos resultados realizarase conforme indica a norma UNE-EN 1871

10.2.1.2.- Requisitos da identificación.

Contido en ligante: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE-EN 12802, o tanto por cento en contido en ligante, non diferirá en $\pm 8\%$ respecto do valor declarado polo fabricante.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia non diferirá en máis de dúas centésimas (0.02) respecto do valor declarado polo fabricante, nin será inferior ao especificado no apartado anterior (0.80 para a pintura branca e 0.40 para a pintura amarela).

Estabilidade ao calor: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135221, a variación do factor de luminancia non será superior a tres centésimas (0.03) para a pintura branca nin a dez centésimas (0.10) para a pintura amarela. As coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1, así como a película aplicada despois do ensaio, non presentará defecto superficial algún.

10.2.2.- Aplicación do "Spray - Plástico".

Posto que o material termoplástico e aplicado en quente, obtense normalmente unha boa ancoraxe sobre superficies bituminosas. Sobre algunhas superficies vellas, pulidas e sobre cemento pode ser aconsellable usar un "Tackcoat". O material non será aplicado sobre polvo de detritus, barro ou material termoplástico escamado. Si a superficie da calzada está a temperatura menor de 10° C. ou está húmida, secarase coidadosamente mediante un queentador o tratada con "tackcoat".

Para evitar a decoloración ou o resquebraxamento debido ao quecemento excesivo, o material añadiráse ao prequentador en pezas non maiores de 4,0 Kgrs. e mesturadas mediante un axitador mecánico nunha caldeira preferiblemente provista de "jacket" para evitar o sobrequecemento local. Unha vez mezclado o material, será usado tan rapidamente como sexa posible e en ningún caso será mantido nas condicións anteriores de temperatura máxima por máis de catro horas, incluíndo o quecemento.

A aplicación poderá ser manual ou mediante máquina automática, usando os métodos de "Spray" ou de extrusión sen que en ambos casos se sobrepasen os límites de

temperatura fixados polo fabricante para ditas aplicacións. A superficie producida será de textura e espesor uniforme e apreciablemente libre de raias e burbullas.

10.3.- Plásticos en frío de dous compoñentes.

10.3.1.- Características do material.

10.3.1.1.- Requisitos.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia será, al menos de oitenta centésimas (0.80) para a pintura branca e de corenta centésimas (0.40) para la pintura amarela.

Tempo de secado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135202, o tempo de secado á rodadura non será superior a trinta minutos (30 min).

Envellecemento artificial acelerado: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135.200/2, a variación do factor de luminancia non será superior a cinco centésimas (0.05), respecto ao valor orixinal, e as coordenadas cromáticas (x,e) do material envellecido estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. As mostras ensaiadas non presentarán ningunha anomalía respecto á de referencia, nin defecto superficial algún.

Resistencia aos álcalis: o ensaio e a valoración dos resultados realizarase conforme indica a norma UNE-EN 1871.

10.3.1.2.- Requisitos de identificación.

Densidade relativa: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 48098, a densidade relativa da mostra, non diferirá en $\pm 2\%$ respecto do valor declarado polo fabricante.

Tempo de secado: realizado o ensaio segundo a norma UNE 135202, o tempo de secado á rodadura non será superior a 30 minutos.

Cor e factor de luminancia: realizado o ensaio segundo se indica na norma UNE 135200/2, as coordenadas cromáticas da pintura (x,e) estarán dentro do respectivo polígono de cor especificado na tabula 1. O valor do factor de luminancia non diferirá en máis de dúas centésimas (0.02) respecto do valor declarado polo fabricante, nin será inferior ao especificado no apartado anterior (0.80 para a pintura branca e 0.40 para a pintura amarela).

10.3.2.- Aplicación.

Deberáse poñer un excesivo coidado seguindo as instrucións de manexo que indica o envase.

A proporción dos dous componentes será a especificada polo fabricante.

Axitarase tanto o contido do envase de compoñente A como o de B antes da súa mezcla.

Axitarase a mezcla de os dous componentes ata observar unha consistencia uniforme, aplicándose o máis rapidamente posible.

Aplicarase cunha llana estendendo o material ao largo do interior da zona que previamente se delimitou con cinta adhesiva.

Deberá aplicarse sobre superficies limpas e exentas de humidade.

10.4.- Microesferas de vidro.

As microesferas de vidro se definen a continuación polas características que deben reunir para que podan empregarse na pintura de marcas viarias reflexivas, polo sistema de postmezclado, na sinalización horizontal.

10.4.1.- Características.

Natureza: Estarán feitas de vidro transparente e sen color apreciable e serán de tal natureza que permitan a súa incorporación á pintura inmediatamente despois da súa aplicación, de modo que a súa superficie se poda adherir firmemente á película de pintura.

Granulometría: a granulometría das microesferas cumprirá o especificado ao respecto na norma UNE-EN 1423.

Microesferas de vidro defectuosas: A cantidade máxima admisible de microesferas defectuosas será o vinte por cento (20%), segundo norma UNE-EN 1423.

Índice de refracción: O índice de refracción das microesferas de vidro non será inferior a un e medio (1,50), determinado segundo a norma UNE-EN 1423.

Resistencia a axentes químicos: As microesferas de vidro non presentarán alteración superficial apreciable despois de ser sometidas á acción de algún dos produtos seguintes: auga, ácido clorhídrico, cloruro cálcico e sulfuro de sodio. Os ensaios se levarán a cabo seguindo o especificado na norma UNE-EN 1423.

10.5.- Agregados antideslizantes.

10.5.1.- Características.

Características químicas: realizado o ensaio segundo o especificado na norma ISO 787- 9, o pH dos granulados antideslizantes non debe ser inferior a 5 nin superior a 9.

Coefficiente de friabilidade: calcularase de acordo ao especificado na norma UNE-EN 1423. Seu valor deberá indicarse na ficha técnica do produto.

Cor e factor de luminancia: si os granulados antideslizantes non son transparentes, se determinarán as súas coordenadas cromáticas e seu factor de luminancia de acordo á norma ISO 7724-2. As coordenadas deberán estar dentro do polígono de cor definido polos puntos dados na tabula 2, e o factor de luminancia debe ser superior a 0.70.

Vértices dos polígonos de color dos granulados antideslizantes non transparentes.

TABULA 2

Vértice	1	2	3	4
X	0,355	0,305	0,285	0,335
Y	0,355	0,305	0,325	0,375

Granulometría: A granulometría dos agregados antideslizantes cumprirá o especificado ao respecto na norma UNE-EN 1423.

10.6.- Pinturas especiais e produtos adheridos ao pavimento.





CONCELLO DE SANTIAGO

Poderán aplicarse pinturas especiais en aquelas zonas nas que se recomende pola empresa adxudicataria e sexa aprobado pola Dirección do Contrato o nas que así o dispoña a Dirección Facultativa.

Previamente á execución, cada contratista facilitara á Dirección Facultativa o certificado acreditativo das características e propiedades da pintura a aplicar. Á vista do mesmo, a Dirección Facultativa poderá aceptar ou non a súa aplicación.

O control de calidade da execución cumprira, en xeneral, o resto dos artigos do presente Prego así como os tratamentos específicos que en cada caso se requiran.

En casos especiais, sempre que se recomende pola empresa adxudicataria e sexa aprobado pola Dirección do Contrato ou si así o dispón a Dirección Facultativa, poderán utilizarse algúns produtos existentes no mercado como substitución das marcas de pintura normais.

En caso de utilización de calquera destes materiais (pinturas especiais ou produtos adheridos ao pavimento), o seu abono se efectuara a través do prezo previsto no Cadro de Prezos anexo II a este Prego.

En caso de non constar, se establecerá un prezo contradictorio, aprobado pola Dirección Facultativa, nos termos establecidos no presente Prego.

10.7.- Materiais a empregar na sinalización vertical de aceiro.

10.7.1.- Forma, cores e dimensións.


A forma, dimensións e cores, axustáranse ás características que fixa o Catálogo oficial de sinais de circulación do Ministerio de Obras Públicas e Transportes as cales figuran como anexo ao Regulamento de Circulación aprobado por el Real Decreto nº 1428/2003 (B.O.E. 23 de Decembro de 2003) así como ás "Recomendacións para a Sinalización Informativa Urbana" de A.I.M.P.E, no referente á Sinalización Informativa.

A normativa aplicable en la Sinalización Vertical se contempla na seguinte documentación:

- Reglamenteo General de Circulación .
- Norma de carreteras 8.1-IC "Sinalización Vertical" do Ministerio de Fomento.
- Sinais Verticales de Circulación. Tomo I Características das sinais. Tomo II
- Catálogo e significado das sinais. Ministerio de Fomento 1992.
- Norma 8.3-IC "Sinalización de Obras" e Anexo "Sinalización Móbil de Obras"

E nas seguintes Normas UNE.

- Norma UNE-EN 12899/1 Sinais verticais fixas de circulación.
- Norma UNE 135 310 "Sinais metálicas de circulación. Placas embutidas e estampadas de chapa de aceiro galvanizada. Características e métodos de ensaio da chapa"
- Norma UNE 135 311 "Sinalización vertical. Elementos de sustentación e ancoraxe. Hipóteses de cálculo.
- Norma UNE 135 312 "Sinalización vertical. Ancoraxes para placas e lamas utilizadas en sinais, carteis e paneis direccionais metálicos. Características e métodos de ensaio.
- Norma UNE 135 313 "Sinalización vertical. Placas de chapa de aceiro galvanizada.
- *Características e métodos de ensaio.*
- Norma UNE 1353 14 "Sinalización vertical. Tornillería e perfiles de aceiro galvanizado empregados como postes de sustentación de sinais, carteis laterais e paneis direccionais.
- *Características e métodos de ensaio.*



CONCELLO DE SANTIAGO

- Norma UNE 1353 15 "Sinalización vertical. Perfiles e chapas de aceiro. Tornillería e ancoraxes empregados para pórticos e banderolas.
 - Norma UNE 135 320 "Sinais metálicas de circulación. Lamas de chapa de aceiro galvanizado.
 - *Tipos A e B. Características e métodos de ensaio.*
 - Norma UNE 135 321 "Sinais metálicas de circulación. Lamas de perfil de aluminio obtido por extrusión. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 330 "Sinalización vertical. Sinais metálicas permanentes retrorreflectantes mediante laminas con microesferas de vidro. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 331 "Sinalización vertical. Sinais metálicas permanentes. Zona non retrorreflectante. Pinturas. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 332 "Sinalización vertical. Placas e lamas das sinais, carteis e paneis direccionais metálicos utilizadas na Sinalización vertical permanente. Materiais. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 334 "Sinalización vertical. Laminas retrorreflectantes con microesferas de vidro. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 336 "Sinalización vertical. Placas e lamas das sinais carteis e paneis direccionais metálicos utilizadas na Sinalización vertical temporal.
 - *Características e métodos de ensaio.*
 - Norma UNE 135 337 "Sinalización vertical. Sinais carteis e paneis direccionais metálicos.
- Embalaxe, almacenamento, manipulación, transporte e instalación.
- *Características e métodos de ensaio.*
 - Norma UNE 135 340 "Sinalización vertical. Laminas retrorreflectantes microprismáticas poliméricas de clase ou nivel 3. Características e métodos de ensaio.
 - Norma UNE 135 352 "Sinalización vertical e balizamento. Control de calidade in situ de elementos en servizo. Características e métodos de ensaio."

10.7.2.- Características.

10.7.2.1.- Soporte.

Como soporte das sinais empregárase chapa de aceiro galvanizada en continuo, cuxas características serán:

Aceiro: o aceiro base utilizado na fabricación das chapas deberá ser dos tipos designados como DX51D ó DX52D, na norma UNE-EN 10142

Aspecto superficial: o aspecto superficial da chapa, determinado segundo o especificado na norma UNE 135313, será uniforme, razoablemente liso e estará exento de imperfeccións que puideran influír sobre su resistencia á corrosión.

Espesor: o espesor mínimo da chapa será de 1,8 milímetros de espesor, con unha tolerancia de 0,2 milímetros de espesor en máis ou en menos.

Masa o espesor do recubrimento: a masa mínima de recubrimento do galvanizado, será contadas ambas caras da chapa de 235 g/m², o que equivale a un espesor medio do recubrimento de 16.5 micras en cada cara.

Acabado do recubrimento: o tipo de acabado pode ser calquera dos indicados na norma UNE-EN 10142.

10.7.2.2.- Zona non retrorreflectante.

Se trata da parte do soporte se recubre con sistemas de pinturas, tintas de serigrafía ou láminas non retrorreflectantes, constituíndo a zona non retrorreflectante da sinal.



CONCELLO DE SANTIAGO

En concreto, as placas deberán ir pintadas no reverso, de gris. Así mesmo levarán a inscrición Concello de Santiago, e o anagrama da cidade en caracteres negros de 5 cm., de altura.

As características que deberá cumprir esta zona serán:

Aspecto: O aspecto da zona non retrorreflectante deberá estar exento de corrosión, caleo ou calquera outra imperfección que impida a súa correcta visibilidade ou identificación.

Coordenadas cromáticas e factor de luminancia: os cores empregados na zona non retrorreflectante das sinais e carteis obxecto de este Prego, serán tales que, as súas coordenadas cromáticas (x,e) están dentro das areas de cor limitadas polos catro vértices definidos pola CIE (Comisión Internacional de Iluminación), especificados ao respecto na Norma UNE 135.331.

De igual forma, o factor de luminancia dos cores empregados deberá cumprir os requisitos especificados en dita norma.

Brillo especular: Todos os cores empregados na zona non retrorreflectante, cando se trate de pintura, dos produtos de sinalización presentarán un valor do brillo especular, medido a 60°, superior al 50%.

Adherencia: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de adherencia segundo o descrito ao respecto na norma UNE 135.332, o resultado do mesmo será conforme con o especificado en dita norma.

Resistencia á caída de unha masa: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de resistencia á caída de unha masa segundo o descrito ao respecto na norma UNE 135.332, non presentará rotura observada visualmente, na cara impactada.

Resistencia á inmersión en auga: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de resistencia á inmersión en auga, segundo o descrito na norma UNE 135.332, non presentará ampolas, perda de brillo ou cor, nin outros defectos que impidan a súa correcta visibilidade ou identificación.

Resistencia á néboa salina: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de resistencia á néboa salina, durante 500 horas o ben dos ciclos de 22 horas no caso de láminas, segundo o descrito na norma UNE 135.332, non presentará ampolas, corrosión nin outros defectos que impidan a súa correcta visibilidade ou identificación.

Resistencia ao calor e ao frío: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de resistencia ao calor e ao frío, segundo o descrito na norma UNE 135.332, non presentará ampolas, perda de adherencia, ou calquera outro defecto apreciable.

Envellecemento artificial acelerado: Sometida a zona non retrorreflectante a un ensaio de envellecemento artificial acelerado durante 500 horas, en ciclos simultáneos de luz ultravioleta e condensación, segundo o descrito na norma UNE 135.331, non se observará caleo, perda de cor ou brillo, nin outros defectos que impidan a súa correcta visibilidade ou identificación.

10.7.2.3.- Zona retrorreflectante.

É a parte do soporte de chapa que vai a constituír a cara vista e frontal dos sinais na que irá contida a información que se quere transmitir aos usuarios, vai cuberta con láminas retrorreflectantes constituíndo a zona retrorreflectante de estes produtos, toda esta zona irá protexida con unha lámina antivandálica, que facilite a limpeza sen deteriorar o reflexivo.

Estas láminas serán produtos duradeiros, deseñadas para a fabricación de dispositivos de control do tráfico, que en liñas xenerais deberán estar formadas polos seguintes elementos:

Película protectora do adhesivo: Película de protección que se despega no momento de fixa la ao substrato.

Adhesivo: Asegura a adherencia da lámina ao substrato.

Revestimento reflector: É unha fina película de chapa de aceiro na que se produce, finalmente, a reflexión dos raios luminosos que inciden sobre a lámina.

Resina ou aglomerante: Sirve de aglomerante as microesferas de vidro.

Microesferas de vidro ou microprismas: Están adheridas á resina, formando unha capa uniforme, responsables en primeiro termo, da retroreflexión da luz.

Película externa: Película constituída con base de resinas sintéticas, transparente e flexible, resistente aos axentes atmosféricos.

Estas láminas, atendendo ao seu poder retroreflectante poderán ser:

Nivel 1: Con as microesferas de vidro incorporadas na resina.

Nivel 2: Con as microesferas de vidro encapsuladas na resina.

Nivel 3: Constituídas por microprismas.

As características que deberán cumprir estas láminas, se encontran recollidas na norma UNE 135 330 que son:

Coefficiente de retroreflexión: As láminas deberán presentar unhas valores mínimas recollidas na seguinte tabula, do coeficiente de retroreflexión, para unha xeometría de medida de:

- Ángulo de diverxencia: 0.33°

- Ángulo de incidencia: 5°

	Branco	Amarelo	Vermello	Verde	Azul	Laranxa	Marrón
Nivel I	50	35	10	7	2	20	0,6
Nivel II	180	122	25	21	14	65	8,5

Cor e Factor de luminancia: Para conseguir unha mellor uniformidade, as láminas terán que presentar unhas cores normalizadas. A súas coordenadas cromáticas deben ser tales que estén dentro do polígono de cor establecido pola CIE, especificado na norma UNE 135 330.

Resistencia ao calor e adherencia ao substrato: As láminas empregadas como zona retroreflectante, deberán superar o ensaio de calor e adherencia descrito ao respecto na norma UNE 135 330.

Resistencia á caída de unha masa: As láminas empregadas como zona retroreflectante, deberán superar o ensaio de resistencia á caída de unha masa, descrito ao respecto na norma UNE 135 330.

Resistencia ao frío e a humidade: Sometidas as láminas a condicións extremas de frío e humidade, segundo o indicado ao respecto na norma UNE 135 330, non presentarán agretamentos, formación de ampolas ou outros defectos que poidan afectar á súa función.

Envellecemento artificial acelerado: Sometida a zona retroreflectante a un ensaio de envellecemento artificial acelerado durante 1000 ou 2000 horas, segundo o descrito na norma UNE 135 330, non se observarán nas láminas agretamentos, ampolas así como perda de cor ou de retroreflexión por debaixo dos valores esixidos en dita norma.

10.7.3.- Elementos de sustentación dos sinais.

Todos os elementos empregados na suxeición e sustentación dos sinais, postes, tornillería, etc deberán cumprir as especificacións recollidas na norma UNE 135314.

Estes elementos serán de chapa ou perfil de aceiro galvanizado.

10.7.4.- Instalación de elementos sustentadores dos sinais.

A instalación dos elementos sustentadores dos sinais comprende a demolición do pavimento, escavación incluída extracción ao borde, carga, traslado, transporte e descarga a vertedoiro dos produtos resultantes de escavacións e demolicións, cimentacións de formigón e recibo de postes e báculos e reposición do pavimento.

10.8.- Materiais a empregar na sinalización vertical de aluminio.

O presente artigo recolle as condicións técnicas así como o conxunto de características e especificacións que, cumprirán o sinais verticais de aluminio.

10.8.1.- Descrición dos produtos.

O sinais verticais de Aluminio, de forma circular, triangular, cadrado, octogonal e rectangular etc, estarán constituídas por unha especie de arcón pechado formado por dúas chapas de aluminio de 2 mm de espesor, cerradas en todo o seu perímetro con un perfil de 35 mm de ancho, tamén de aluminio e cos elementos de sustentación necesarios para o seu posicionamento vertical.

Os produtos obxecto de este artigo estarán formados, basicamente, polos mesmos elementos ou zonas que se recollen no Prego para os sinais de aceiro, coa particularidade que, neste caso o soporte empregado na fabricación dos sinais e de aluminio e ademais de isto deben de levar un tratamento de anodizado.

10.8.2.- Características dos materiais.

10.8.2.1.- Soporte.

O soporte empregado como base dos produtos obxecto de este artigo e de aluminio, material caracterizado pola súa alta resistencia fronte aos axentes atmosféricos.

Dependendo da aplicación deste, se empellarán dou tipos de aleacións distintas:

- Aleación L-3441 (6063): para perfíles extrusionados.

- Aleación L-3051 (1050): para chapas planas.

Ambas presentan unas características comúns que son:

- Características mecánicas adecuadas.

- Bo aspecto superficial.

- Excelente resistencia aos axentes atmosféricos.

- Permiten unha ampla gama de acabados como: Anodizado, coloreados electrolíticos, pintados, lacados, etc.

A principal diferenza está na facilidade de extrusión para a aleación L-3441 (6063).

Ademais de este comportamento xeneral, estas dúas aleacións presentan características químicas, físicas e mecánicas distintas:

a) Composición química:

A composición química (valores en %) de estas dúas aleacións, se recolle na seguinte tabula:

		Si	Fe	Cu	Mn	Mg	Cr	Zn	Ti	Outros	Al
6063	Min.	0,20	-	-	-	0,40	-	-	-	-	
	Max.	0,60	0,35	0,10	0,10	0,90	0,10	0,10	0,10	0,10	resto
1050	Min.	-	-	-	-	-	-	-	-	-	
	Max.	0,25	0,40	0,05	0,05	0,05	-	0,07	0,05	0,03	99,50

b) Propiedades mecánicas:

As propiedades mecánicas destas actuacións se recollen, na seguinte tabula:

	TRATAMENTO	R (N/mm ²)	E (N/mm ²)	A (%)	D (HB)
6063	T4	150	90	12	42
	T5	220	170	7	65
	T6	250	195	8	75
1050	O	80		45	20
	H-14	120	100	11	32
	H-18	165	140	7	42

Sendo:

T4: Temple e maduración natural.

T5: Maduración artificial soamente.

T6: Temple e maduración artificial.

R: Resistencia mecánica.

E: Límite elástico convencional do 0,2%.

A: Alongamento ata rotura.

D: Dureza Brinell.

c) Propiedades físicas.

As propiedades físicas típicas destas aleacións se recollen en la seguinte tabula:

CARACTERISTICA	6063	1050
Densidade (Kg/dm ³)	2,7	2,7
Módulo de elasticidade (Mpa)	68.600	69.000
Rango de fusión (°C)	580-650	646-657
Cor específico 0 a 100° (J/kg° C)	880	945
Conductibilidade térmica a 25°C (W/m° C)	170	231
Coefficiente de dilatación lineal (°C)	23,2 x E-6	23,2 x E-6

d) Outras propiedades.

	6063	1050
Resistencia a corrosión	MB	MB
Soldabilidade	B	MB
Conformabilidade	MB	B
Aptitude para o anodizado	MB	MB

Para a graduación destas propiedades, dentro do conxunto das aleacións do aluminio, adoptouse a escala decrecente seguinte:

Todas estas propiedades encóntranse recollidas nas normas: UNE 38.337 para a aleación 6063 e UNE 38.114 para a aleación 1050.

10.8.2.2.- Zona non retroreflectante.

Esta zona é igual que o descrito no Prego para os sinais de aceiro.

10.8.2.3.- Zona retroreflectante.

Esta zona é igual que o descrito no Prego para os sinais de aceiro.





CONCELLO DE SANTIAGO

10.8.2.4.- Elementos de sustentación e ancoraxe.

Para conseguir un posicionamento vertical dos sinais obxecto deste artigo, se inclúen unha serie de elementos de sustentación e ancoraxe. Estes elementos están constituídos por:

- Postes: tubos de aluminio cilíndricos e acanalados, de 76 mm de diámetro.
- Abrazadeiras de aluminio fundido, aleación L-2520 segundo a norma UNE 38.252.
- Así como, tornillería e outros elementos necesarios para a súa sustentación.

10.8.3.- Control de calidade.

Para poder asegurar a calidade de todos os produtos e polo tanto o cumprimento das características especificadas ao respecto na normativa UNE aplicable, así como outros requisitos establecidos será aconsellable que as Empresas concursantes dispoñan de:

- Por un lado, un Sistema de Aseguramento da Calidade, implantado e certificado segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001.
- Por outro, os produtos dispoñerán de Certificado ou Marca de Calidade, que garanta o cumprimento da normativa UNE no campo da sinalización.

10.9.- Barreira de seguridade metálica.

10.9.1.- Definición.

Se definen como barreira de seguridade metálica, a aqueles sistemas de contención de vehículos, instalados nos marxes das estradas cuxa finalidade e proporcionar un certo nivel de contención dun vehículo fora de control.

10.9.2.- Tipos.

Nas vías urbanas e interurbanas obxecto do presente Prego, se dispoñerán barreiras de seguridade metálicas dos seguintes tipos:

TIPO	UBICACIÓN	NIVEL DE CONTENCIÓN
BMSNC2/120a	Protección de estruturas, pilas, etc..	M
BMDNA2/100a	Mediana	M
BMDDA4/100a	Pasos de mediana	L2
BMSNA4/120a	Borde de plataforma para carreteras de calzadas separadas	L2
BMSNA4/120b	Carreteras de calzada única e dobre sentido	L2
BMSNA4/120a con protec. motoristas	Borde plataforma para carreteras de calzadas separadas con tráfico de motos.	L2
BMSNA4/120b con protec. Motoristas	Carreteras de calzada única e dobre sentido con tráfico de motos	L2

10.9.3.- Materiais.

Os materiais indicados neste apartado empregaranse para os elementos definidos nas normas UNE 135 121 e UNE 135 122. O aceiro para fabricación da valla será das características químicas e mecánicas fixadas na UNE EN 10025 para o tipo S 235 JR, cun espesor nominal de tres milímetros (3 mm) e unha tolerancia por exceso de unha décima de milímetro (+ 0,5 mm) e de cero por defecto. Para conseguir a aptitude química do aceiro base á galvanización, se limitarán os contidos de silicio e fósforo aos valores seguintes:

Si < 0,03 % e Si + 2,5 P < 0,09 %

O aceiro estará galvanizado en quente, conforme ás UNE EN ISO 1461. As características do zinc utilizado no galvanizado serán as recollidas na UNE EN 1179, e o espesor e masa mínimos do recubrimento serán os definidos pola UNE EN ISO 1461:1999 para aceiros de espesor comprendidos entre tres e seis milímetros (3 e 6 mm).

O aceiro para fabricación de separadores e de elementos finais da barreira, será das mesmas características que o utilizado na valla.

O aceiro utilizado na fabricación de postes e outros accesorios conformados en frío serán do tipo S 235 JR segundo o especificado na UNE EN 10025.

Si o aceiro empregado e laminado en quente, deberá cumprir o establecido na UNE EN 10025.

Os elementos de unión (tornillería) deberán cumprir o indicado na UNE 135 122. Todos os elementos accesorios estarán protexidos contra a corrosión mediante o procedemento de galvanizado en quente, conforme á UNE 37 507 no caso da tornillería e elementos de fixación e no caso de postes, separadores e outros elementos conforme á norma UNE EN ISO 1461:1999.

O recubrimento galvanizado dos elementos constituintes da barreira metálica deberá ser continuo, razoablemente liso e estará exento de imperfeccións claramente apreciables a simple vista que podan influír sobre a resistencia da corrosión do mesmo, tales como ampolas ou inclusións de matas, cinzas ou sales de fluxo. Tampouco será admisible a presenza de terróns, rebabas ou acumulacións de zinc que podan interferir co en Prego específico do material galvanizado.


O aspecto gris escuro mate da totalidade ou de parte do recubrimento dos elementos, así como as manchas, que non sexan eliminables por limpeza con un pano seco, será motivo de rechazo.

Se admitirá o retoque dos defectos e imperfeccións do recubrimento e da restauración das zonas que falten por cubrir durante a galvanización, sempre que estas zonas, consideradas individualmente, non teñan unha superficie superior aos 10 cm², nin afecten, o seu conxunto, a máis do 0,5 por 100 da superficie total do recubrimento de cada elemento. Os procedementos de restauración serán os especificados na UNE EN ISO 1461:1999.

O control do espesor dos elementos constituintes da barreira metálica se realizará a través do peso dos mesmos a través da seguinte tabula:

TIPO DE ELEMENTO	P (kg)
Valla recta estándar	47,95
Valla recta desmontable	47,87
Poste C-120 de 2000 mm	13,93
Poste C-120 de 1500 mm	10,53
Poste C-100 de 2000 mm	12,10
Poste C-100 de 1500 mm	9,05
Poste UPN-120 de 2400 mm	31,33
Separador corto	1,78
Separador estándar	2,62
Separador barreira abatible	2,55
Separador simétrico	6,08
Separador simétrico barreira desmontable	5,94





CONCELLO DE SANTIAGO

10.9.4.- Postes.

Os postes serán perfiles laminados C-100, C-120 e Tubulares, de aceiro S235 JR. Irán colocados cada dous ou catro metros segundo sexa necesario implantar un nivel de contención ou outro, marcado polas recomendacións sobre sistemas de contención de vehículos (Orden Circular 321/95T e P edición de 12 de Decembro de 1995).

As tolerancias de lonxitude do poste serán de dez milímetros (10 mm) en máis e ningún en menos.

O poste que se monte na calzada única e dobre sentido de circulación, será un poste cerrado tipo Tubular, e si ademais se colocará mediante fincado, seu extremo inferior deberá terminar en bisel a corenta e cinco grados (45°), e ademais o seu peche se fará por medio de soldadura lonxitudinalmente no seu plano ancho, e será de aceiro laminado, de igual aceiro que o que constitúe o poste CPN.

10.9.5.- Vallas.

Se considera que a valla metálica para barreiras de seguridade continuas ten una lonxitude de 4.318 mm. E unha sección transversal cun desenrolo de 473 mm, coas tolerancias fixadas na Norma UNE 135-121.

Ademais, considerase un galvanizado de acordo coas normas UNE citadas anteriormente e a presenza dos orificios para a tornillería de suxeición dunha valla coas contiguas e co conector ou soporte.

10.9.6.- Execución.

O Contratista comunicará por escrito ao Director de Obra, antes da execución dos traballos os seguintes aspectos:

- Data de instalación.
- Localización da obra.
- O tipo de barreira que colocará.
- Comprobación do replanteo.
- Medición do tramo.
- Tipo de cimentación (fincado, formigonada etc.).
- Valoración económica dos traballos.
- Observacións e incidencias que a xuízo do Director da Obra puideran influír nas características e/o durabilidade das barreiras de seguridade instaladas.

Esta comunicación deberá ir acompañada do certificado acreditativo do cumprimento das especificacións técnicas obrigatorias dos materiais e/o do documento acreditativo do recoñecemento da marca, selo ou distintivo de calidade.

O *control de calidade* das barreiras de seguridade incluírá a comprobación dos elementos constituíntes acopiados, así como da unidade de obra terminada e tamén se comprobará a marca de referencia dos elementos constituíntes das barreiras de seguridade acopiados, a fin de verificar que se corresponden coa clase e calidade comunicada previamente ao Director de Obra.

Os criterios que se describen para realizar o control de calidade dos acopios non serán de aplicación obrigatoria en aqueles elementos constituíntes das barreiras de seguridade, si se aporta o documento acreditativo do recoñecemento da marca, selo ou distintivo de calidade, sen prexuízo das facultades que corresponden ao Director de Obra.

Os acopios que foran realizados e non cumbran algunha das condicións especificadas, serán rexeitados. Poderán presentarse a unha nova inspección exclusivamente, cando o subministrador, a través do Contratista, acredite que todas as unidades volveron a ser examinadas e ensaiadas, se eliminaron todas as defectuosas

ou se corruxaron seus defectos. E as novas unidades, en calquera caso, serán sometidas aos ensaios de control que se especifican no presente apartado.

- Limitacións á execución.

Os postes das barreiras de seguridade metálicas indicadas na norma UNE 135 122, se cimentarán por fincado no terreo, salvo que esta resulte imposible pola dureza de aquel, o que a súa resistencia sexa insuficiente.

En terreos duros, non aptos para o fincado, o poste aloxarase nun taladro de diámetro e profundidade adecuados. O poste axustarase con cuñas e os ocios rechiaranse con area con unha capa superior impermeabilizante, e en ningún caso con formigón.

- Replanteo

Previamente ao inicio da obra, levarase a cabo un coidadoso replanteo que garanta a correcta terminación dos traballos, acorde coas indicacións das recomendacións sobre sistemas de contención de vehículos (Orden Circular 321/95T e P edición de 12 de Decembro de 1995).

Art. 11) Características particulares dos materiais:

Garantía xeral dos subministros:

De non estar definido o prazo de garantía nalguna normativa específica o prazo mínimo dela será de dous anos.

11.1. Sinalización horizontal.

A pintura a utilizar en marcas viarias será de tipo 2, para que manteña as súas propiedades en condicións de choiva ou humidade, dispoñendo de tratamento antiesvarante.

VALORES MÍNIMOS DAS CARACTERÍSTICAS ESENCIAIS ESIXIDAS PARA CADA TIPO DE MARCA VIARIA.

TIPO DE MARCA VIARIA	PARÁMETRO DE AVALIACIÓN					
	COEFICIENTE DE RETRORREFLEXIÓN (*) ($R_1/mcd.lx^{-1}.m^{-2}$)			FACTOR DE LUMINANCIA (B)		VALOR SRT
	30 DÍAS	180 DÍAS	730 DÍAS	SOBRE PAVIMENTO BITUMINOSO	SOBRE PAVIMENTO DE FORMIGÓN	
PERMANENTE (cor branca)	300	200	100	0,30	0,40	45
TEMPORAL (cor amarela)	150			0,20		

NOTA: Os métodos de determinación dos parámetros contemplados nesta táboa, serán os especificados na norma UNE-EN-1436.

(*) Independentemente da súa avaliación co equipo portátil ou dinámico.

Dosificacións:

As dosificacións a empregar na dosificación da pintura serán as que indica a norma UNE 135.200/3.

Material base g/m ²	M. posmezclado g/m ² (cargas antiesvarantes + micro esferas)	
Pinturas	720	480
Termoplásticos en capa fina	3000	500
Termoplásticos en capa grossa	5000	500
Plásticos en frío en dous compoñentes en capa fina	1000	500
Plásticos en frío en dous compoñentes en capa grossa	3000	500

11.1.1. Período de garantía:

O adxudicatario garantirá a calidade dos servizos realizados durante os prazos que se indican para marcas viarias no artigo 700.8, do PGT -3, e as súas actualizacións.

No caso de que se constatase que os traballos realizados non cumpren as garantías citadas, o adxudicatario verase obrigado á nova realización sen custo algún para o Concello.

Quedarán a xuízo da Dirección Facultativa os prazos de garantía se a pintura se aplica en lastro ou firmes pétreos, que entenderase, coma mínimo dun prazo de dous meses.

11.2. Sinalización vertical.

O material retroreflectante dos sinais de nivel I, poderá estar formado por elementos prismáticos de retroreflexión.

Os rieles dos sinais de tráfico ou dos sinais informativos urbanos, estarán soldados á estrutura do sinal al menos en catro puntos.

O prazo de entrega dos sinais e outros elementos, dependerá da urxencia da necesidade da instalación, quedando a criterio do Técnico Municipal da Sección de Circulación este prazo, non sobrepasando os dez días.


Todos os sinais e demais elementos que se retiren da vía pública serán obxecto de inventario.

Os sinais que rematen en arestas e vértices con cantos vivos, serán redondeados.

Os sinais serán pintados e non serigrafados, ou estarán dotados de sistema de protección adecuado, que permita a limpeza de pintadas nelas, e a tornillería utilizada nela será de aceiro inoxidable.

Os sinais que poidan instalarse en distintas posicións, terán feitos os taladros de todas as posicións.

Os ceda o paso e os stops, serán en todo caso de nivel mínimo de retroreflexión II.



CONCELLO DE SANTIAGO

A sinalización de aluminio instalada na Zona Monumental, será de modelo igual a o instalado ou o mais similar posible, na súa forma e nos seus ancoraxes.

Será obrigación do adxudicatario, sen custe para o Concello a rotulación de placas complementarias, sinais informativas urbana e carteis informativas.

11.2.1. *Inscripcións en sinais e carteis verticais.*

Na parte posterior identificarase de forma indeleble, al menos o nome do fabricante e a data de fabricación (mes e dous últimos díxitos do ano).

Dispoñerá ademais do anagrama do Concello de Santiago e do recadro para inscrición de data de instalación con rotulador indeleble.

11.2.2. *Período de garantía:*

A garantía mínima dos sinais e carteis verticais de circulación, instalados con carácter permanente segundo as normas e pregos de prescricións técnicas aplicables así como conservados regularmente de acordo coas instrucións facilitados polo fabricante, será de cinco anos desde a data da súa fabricación e de catro anos e seis meses desde a data da súa instalación.

No non contemplado nestes apartados estarase ó que dispoñen os artigos 700 e 701 de sinalización horizontal e vertical respectivamente do Prego de Prescricións Técnicas Xerais das Obras de Estradas e Pontes (PG-3), a excepción do indicado en relación ó borrado de marcas.

11.3. *Bolardos.*

Os bolardos a instalar serán dos tipos xa instalados no Concello de Santiago, debendo ter como mínimo as características e calidades que teñen estes, e dispoñendo no seu caso da oportuna patente.

11.4. *Redutores de velocidade e bandas transversais de alerta.*

O subministro destes materiais e a súa instalación realizarase de acordo ca Orden FOM/3053/2008, de 23 de setembro pola que se aproba a Instrución Técnica para a instalación de redutores de velocidade e bandas transversais de alerta.

11.5. *Sinalización informativa urbana, hitos, balizamento e outros elementos.*

O subministro e instalación de estes elementos cumprarán as normativas que lle sexan de aplicación, en cada un dos casos.

11.6. Os licitadores na súa oferta presentarán *un resumo das calidades* dos materiais ofertados, indicando a súas características técnicas e calidades, quedando a criterio dos Técnicos Municipais, o de solicitarlles calquera aclaración sobre o particular ou presentar as mostras que se entendan necesarias para xustificación das mesmas.

11.7.- *Garantía dos subministros.-*

Con independencia da garantía xeneral, os materiais subministrados terán os períodos respectivos de garantía que indique a normativa vixente.

11.8.- *Marcado CE.*

Todos os elementos obxecto do contrato, disporán do marcado CE de acordo coa normativa vixente.

CAPÍTULO IV: Dispoñibilidade de medios

Art. 12) Persoal

O adxudicatario estará obrigado a dispor para este contrato, como mínimo dos seguintes medios humanos:

- Un técnico titulado de grado medio especializado neste tipo de traballos, responsable das actuacións dos equipos en vía pública, da adecuada execución dos traballos a realizar e dos distintos medios e instalacións obxecto do contrato.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Con dedicación a tempo parcial, localizable 24h./24h. a través de teléfono móbil, durante os 365 días do ano, acudindo ao Concello de Santiago sempre que sexa requirido e nun prazo máximo de tres horas.

Este efectuará valoracións sobre actuacións realizadas ou previstas, informes sobre sinalización, propoñerá a realización ou modificación da sinalización segundo as circunstancias detectadas e presentará asistencia de campo ó persoal técnico municipal nas visitas que sexa preciso efectuar mediante vehículo adecuado.

Será o responsable da supervisión dos traballos dos equipos organizando os labores de vixilancia, reposición, reparación, instalación e comunicación dos defectos observados na sinalización e demais elementos incluídos no contrato.

Dispoñerá de experiencia contrastable no campo da sinalización horizontal, vertical e dos demais elementos da ordenación do tráfico.

- Se dispoñerá de dous oficiais de primeira, con experiencia demostrable, en traballos de mantemento e instalación de sinalización, bolardos, redutores de velocidade e doutros elementos obxecto deste Prego. Estas persoas terán dedicación permanente ao contrato en horario de traballo.

O seu tempo de resposta será inmediato en caso de urxencia, accidente ou emerxencia, e como máximo dunha hora.

O prazo de resposta en circunstancias normais será de dúas horas.

A dispoñibilidade será de 24 horas 365 día ao ano, para atender as demandas municipais obxecto deste Prego, marcando o horario de traballo o Concello.

Estarán en posesión do carné de conducir e dispoñerán de comunicación con teléfono móbil para localización en caso de emerxencia.

- Asignarse un equipo de sinalización horizontal a disposición do servizo, e que poderá realizar labores de mantemento de sinalización vertical e outros elementos, cando non se poidan realizar traballos de sinalización horizontal, ou sexa requirido polo Técnico da Sección de Circulación. Este equipo estará formado polo número de persoas necesario para realizar os traballos nas debidas condicións de seguridade, entendendo que cando se realizan traballos en calzada contará cun número mínimo de tres persoas.


Con dedicación a tempo parcial, localizables 24h./24h. a través de teléfono móbil, durante os 365 días do ano, acudindo ao Concello de Santiago sempre que sexa requirido, nun prazo máximo de dúas horas.

- Dispoñerá dos equipos humanos suficientes para atender os equipos e tarefas que se indican neste Prego, contando coa capacidade técnica adecuada para atender a maquinaria e vehículos que terá a súa disposición o adxudicatario.

Na oferta figurará o persoal proposto, indicando titulación, experiencia e demais datos necesarios para a súa identificación e coñecemento dos traballos a realizar.

O persoal que realice traballos na vía pública levará na súa roupa de traballo a inscrición do Concello de Santiago e co anagrama, debendo ser sometida a identificación a xuízo da Dirección Facultativa, sendo o vestiario das características e cos elementos de protección que indique a normativa vixente.

Sempre e cando contén coa autorización do Técnico Municipal da Sección de Circulación, o persoal desta empresa poderá:



- a) Colocar elementos de seguridade viaria ou de ordenación do tráfico, tales como: valados, sinais, balizas, bolardos e hitos.
- b) Colaborar co persoal municipal na realización de traballos análogos ós que van ser obxecto deste contrato.

Así mesmo o adxudicatario do presente concurso terá a obriga de poñer a disposición do Concello ó persoal e os medios adscritos ó servizo, sempre que sexa necesario para cubrir as necesidades motivadas por causas de emerxencias por forza maior.

Poderanse establecer gardas para urxencias en períodos de vacacións ou en fins de semana, a xuízo da Dirección Facultativa.

Os horarios dos traballos estableceráos o Técnico da Sección de Circulación, estando incluídos nos prezos unitarios os custes de realización dos traballos en horario nocturno, diúrno ou festivo.

O contratista deberá xuntar á factura do mes, os correspondentes TC2.

As condicións e réxime do persoal, serán as que figuran neste Prego Técnico, no Prego Administrativo e na normativa que lles resulte de aplicación.

Art. 13) Maquinaria de aplicación:

A maquinaria e equipos empregados para a aplicación dos materiais utilizados na execución das marcas viarias deberán de ser capaces de aplicar e controlar automaticamente as dosificacións requiridas e conferir unha homoxeneidade á marca viaria tal que garanta as súas propiedades ó longo da vida da mesma.

O adxudicatario estará obrigado a dispor no prazo máximo de 12 horas, se é requirido pola Dirección Facultativa, os seguintes elementos en condicións de inmediata utilización:

- a) Unha máquina autopropulsada pesada para pintura convencional ou spray plástico de aplicación automática en quente ou en frío, con potencia suficiente, depósito de pintura e dispositivo de tracción mecánica, capacidade para obtención de anchura de trazo da marca lonxitudinal regulable entre 10 e 30 cm. (ambos incluídos), capacidade de desprazamento lateral por dito trazo, capacidade de marcado simultáneo de dúas liñas e división automática de trazos e equipo humano necesario.
- b) E o equipo humano necesario para á realización dos traballos nas condicións indicadas neste Prego.
- c) Un vehículo tipo furgón das características que permitan o acceso as distintas vías municipais, dotado de suficiente espazo pechado interior para carga e manipulación de materiais, cos elementos necesarios para efectuar traballos de sinalización horizontal, vertical, etc., dispoñendo da sinalización convencional e luminosa regulamentaria para executalos.
- d) Unha máquina borrarora tipo fresa de tamaño medio, con control infinitesimal da profundidade de fresado.
- e) Unha máquina varredora con aspiración dunha potencia mínima de 11-c.v.
- f) Outros equipos necesarios para o desenvolvemento dos traballos encargados e que están contemplados neste Prego.



CONCELLO DE SANTIAGO

O adxudicatario dispoñerá permanentemente de almacén emprazado en Santiago, da maquinaria e elementos necesarios para o desenvolvemento dos traballos dispostos para a súa inmediata utilización, sendo estes en resumo os seguintes:

- a) Dispoñeráse al menos de un vehículo tipo furgón lixeiro, para circular por vías de pequenas dimensións do Concello, sendo as súas dimensións máximas aproximadas: Altura 1.95 m.. Ancho 1,85m. Lonxitude 5.10 m e un PMA de 3.500 Kg. Este vehículo asinarase permanentemente ao persoal de mantemento de sinalización vertical, de bolardos, valados,etc. Dispoñerá da sinalización convencional e luminosa regulamentaria para executalos.
- b) Equipo compresor auxiliar, con posibilidade de cambio de depósito de pinturas de cor branca e amarela.
- c) Un xerador eléctrico.
- d) Un martelo neumático ou eléctrico para demolición de pavimento e de baixo nivel de emisión de roído en funcionamento.
- e) Demais elementos, ferramentas e maquinaria, sinais e balizas necesarios para o desenvolvemento das labores encomendadas no Prego de condicións.
- f) Os vehículos irán rotulados nas portas co anagrama do Concello e a inscrición "CONCELLO DE SANTIAGO" podendo levar algún indicativo da empresa adxudicataria, previa aprobación da Dirección Facultativa.

Art. 14) Outros medios

14.1.-O adxudicatario dispoñerá de almacén no termo municipal de Santiago con capacidade e condicións necesarias para alberga-los equipos, stocks, vehículos, e demais elementos para o desempeño das obrigacións incluídas no Prego.

Na oferta recollerase o asentamento e características da mesma.

14.2.- Traslado dos materiais retirados da vía pública.-

Correspóndelle ao adxudicatario realizar o traslado dos materiais retirados da vía pública ao almacén municipal que indique o persoal do Concello.

14.3.- Outros medios do adxudicatario.-

O adxudicatario dispoñerá de fax, correo electrónico, teléfonos móbiles para os seus responsables e para as persoas que realizan os traballos de sinalización horizontal, vertical e outros obxecto deste Prego.

Art. 15) Programa de xestión documental:

Dada a complexidade organizativa e técnica do servizo a contratar a empresa adxudicataria deberá levar a cabo un exhaustivo control de calidade do servizo prestado, mediante a implantación do adecuado sistema de xestión que deberá ser aprobado previamente pola administración.

A empresa adxudicataria estará obrigada a informatizar o mantemento mediante a implantación dunha aplicación informática específica o software de xestión de mantemento integral. Está ferramenta deberá propoñerse na oferta técnica e deberá responder con plenas garantías as necesidades de xestión municipal. O sistema proposto pola empresa debera ser aprobado polo Excmo. Concello de Santiago de

Compostela, quen se reserva o dereito de esixir aplicacións informáticas diferentes con cargo ao presuposto do contrato.

A ferramenta informática pasara a ser de propiedade municipal e traballará en entorno web. A empresa adxudicataria se encargará do seu mantemento durante a vida do contrato. Deberá permitir unha rápida identificación das instalacións, así como a obtención de información asociada á xestión do contrato.

Será responsabilidade da empresa adxudicataria a actualización continua de datos ao software de xestión de mantemento integral, así como do inventario de instalacións, que conterá unha relación exhaustiva das mesmas. Toda esta información será accesible aos técnicos municipais mediante o software de xestión, de acordo a un protocolo de permisos.

O software de xestión aprobado deberá:

- Planificar mantementos e inspeccións.
- Xerar ordes de traballo.
- Xestionar incidencias.
- Xestionar almacén. Stocks, entradas e saídas de materiais.
- Xestión e control do persoal e tempos utilizados no desenvolvemento dos traballos realizados.
- Xerar informes técnicos e económicos asociados ao contrato, de acordo cos ratios e indicadores establecidos.
- Incorporar toda a información técnica asociada ao contrato (partes de traballo, certificacións...).

O software de xestión aprobado debera constituir un libro de mantemento. Debera incluír unha copia dixital de todos os certificados e documentación técnica asociada ao contrato.

A empresa mantedora debera implantar un procedemento para atender de modo áxil e eficiente aos requirimentos municipais, en especial ante actuacións urxentes.

Todo o equipamento, materiais, medios técnicos, vehículos, aplicacións informáticas, medios de seguridade e saúde, etc. para realizar as actividades descritas serán por conta da empresa adxudicataria e se consideran incluídos no contrato.

Si a adxudicataria non contara con persoal especializado para realizar determinados traballos de mantemento, estes deberan ser necesariamente subcontratados por conta da empresa adxudicataria, previa aprobación municipal, e se consideran incluídos no contrato.

Anualmente, e ao finalizar o contrato, a empresa emitirá un certificado de prestación de calidade do servizo, asinado polo técnico titulado, quen se responsabilizará da prestación dos traballos de acordo á normativa vixente.

Art. 16) Existencias en almacén.

O adxudicatario dispoñerá dun stock de acopios que garantan a continuidade da execución dos traballos marcados no Prego, en épocas de máximo consumo.



CONCELLO DE SANTIAGO

En canto a sinalización horizontal dispoñerá dos distintos tipos de pintura, esferillas e material antiesvarante para al menos unha semana.

Dispoñerá de reserva de sinalización vertical de distintos tipos, tamaños e reflectancias para atender as distintas necesidades.

Disporá da tornillería, ancoraxes de sinais e de cimentación, biondas, bolardos, bandas redutoras de velocidade e demais elementos necesarios para realizar de xeito adecuado a súa reparación e mantemento.

Propoñerase na documentación a presentar polo contratista, os distintos estocaxes a dispor, no almacén que poderán modificarse a criterio da Dirección Facultativa en función das necesidades.

CAPÍTULO V: Execución dos traballos.

Art. 17) Execución dos traballos:

A) Plan de Seguridade e Saúde.

• O adxudicatario deberá presentar dentro dos vinte días seguintes á comunicación da adjudicación, o Plan de Seguridade e Saúde, redactado de acordo coas cláusulas do Prego Técnico e o seu anexo III, Prego Administrativo e do Real Decreto 1.627/97, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde en obras de construción, para concretar as medidas de prevención a implantar de acordo co tipo de obras a executar e co procedemento construtivo utilizado polo adxudicatario.

Non se poderán iniciar os traballos sen a previa aprobación destes documentos.

O adxudicatario nomeará Técnico de Seguridade e Saúde, e que será o encargado de elaborar, controlar e supervisar que a obra se realice de acordo co Plan de Seguridade e Saúde e ó R.D. 1627 / 97, Pregos de Condicións Técnico e Administrativo e ordenanzas Municipais de aplicación.

• Programa de traballo e plan de seguridade e saúde.

Dentro dos vinte días seguintes á comunicación da adjudicación, o adxudicatario deberá:

Propoñer a Administración para a súa designación como coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra, o técnico competente nesta materia que exercerá dita función.

A persoa designada pola Administración, integrada na Dirección Facultativa ós únicos efectos de seguridade e saúde, non terá ningunha relación laboral nin contractual coa Administración, sendo responsabilidade do contratista tanto a súa selección como o establecemento da relación que a vincule co contrato de obra e os gastos inherentes á prestación.

Presentar o Plan de Seguridade e Saúde, así como a relación de subcontratistas e subministradores coa porcentaxe de obra a realizar.

Presentar o Programa de Traballo, o cal, atendendo a natureza da obra, o órgano de contratación, por proposta do técnico director, poderá eximir ó contratista da presentación do programa de traballo.

O Técnico de Seguridade e Saúde e o coordinador de Seguridade e Saúde terán a titulación e cualificación axeitada, para redactar e informar ó Concello antes de someter a aprobación municipal:

• Plan de Seguridade e Saúde.

. Modificacións, no relativo a Seguridade e Saúde que xurdan na execución dos traballos de mantemento.

En todo caso o Técnico de Seguridade e Saúde da obra nomeado polo adxudicatario, quedará baixo a supervisión dos Técnicos Municipais da Sección de Circulación do Concello de Santiago.

Dentro dos vinte días seguinte á formalización do contrato efectuarase o, acta de inicio do servizo, na data en que a administración sinala, quedando obrigado o contratista, logo da notificación, acudir e firmar a correspondente acta

A empresa adxudicataria farase cargo do mantemento dos elementos e instalacións obxecto deste contrato, a partir da firma da acta de inicio do servizo e durante a vixencia do contrato.

O director da obra, directamente ou por medio do coordinador de seguridade e saúde, deberá efectuar o correspondente aviso a autoridade laboral antes do comezo das obras (artigo 18 do Decreto 1627/97). O facultativo debe exhibir este documento ao contratista.

B) Documentación e materiais a empregar.

O contratista estará obrigado a subministrar a relación de empresas subministradoras dos distintos materiais que se utilicen: pinturas, sinalización vertical, bandas sonoras, bolardos e demais elementos que se empreguen acompañada do documento acreditativo do cumprimento das especificacións técnicas obrigatorias ou o documento acreditativo do recoñecemento da marca, selo ou distintivo de calidade.

Declarará o contratista as características técnicas da maquinaria a empregar, que quedarán recollidas na ficha técnica correspondente.

O adxudicatario comprométese a utilizar materiais de fabricantes de primeira orde, debendo refrexarse na oferta. En todo caso os materiais e equipos a subministrar serán aprobadas previamente pola Dirección Facultativa.

O adxudicatario presentará as correspondentes certificacións ou fichas técnicas, dos materiais e maquinaria utilizados no desenrolo dos traballos, cando o requira a Dirección Facultativa.

C) Control de calidade. Toma de mostras. Ensaio e control de traballos.

O adxudicatario dispoñerá dos equipos, elementos e aparatos precisos para realizar sobre o terreo as probas específicas dos materiais utilizados que poidan ser solicitados pola Dirección Facultativa.

Antes de utilizar os materiais e os distintos elementos en xeral, será preciso asegurarse da súa boa calidade e condicións, ben por ter unha garantía de fabricación de absoluta seguridade, ou ben someténdoo as probas precisas.

Ó obxecto de comprobar durante o período de contrato a calidade dos materiais empregados, o adxudicatario poñerá a disposición da Dirección Facultativa os

materiais e mostras que estime necesarias para o seu recoñecemento polo laboratorio oficial ou acreditado na área da sinalización e os seus materiais constituíntes: chans áridos, mesturas bituminosas, sinalización vertical e seus elementos constituíntes, dispoñendo o laboratorio de experiencia demostrada en control de obras de Administración. Tamén realizaranse os ensaios de comprobación do resto de materiais que son obxecto de subministro e aplicación neste Prego.

Tomaranse as mostras precisas por duplicado, antes da aplicación e durante a execución das distintas unidades de obra.

Realizaranse probas de compatibilidade entre pinturas e pavimento de soporte, caso de apreciarse deficiencias sobresaíntes de agarre, ou estudárase o método de aplicación, no seu caso. Enténdese a realización de urxencia nos puntos onde se detecten esconchados de pintura. (prazo 3 meses ó inicio do contrato)

Se os elementos ensaiados non cumpren coa normativa que lles resulte de aplicación, o contratista repoñerá á súa costa as unidades de obra defectuosas, sen prexuízo da sanción que lle correspondese no seu caso.

O adxudicatario dispoñerá dos equipos e elementos necesarios para comprobar as condicións de aplicación. Os gastos que orixinen as tomas de mostras, o seu envío e realización de análise, inclusive os dos contrastes, correrán a cargo do contratista que resulte adxudicatario.

Para poder asegurar a calidade de todos os produtos e polo tanto o cumprimento das características especificadas ó respecto na normativa UNE aplicable, así como outros requisitos establecidos será aconsellable ~~cas~~ Empresas concursantes, dispoñan de:

Por un lado, dun Sistema de garante de Calidade implantado e certificado por AENOR segundo a Norma UNE-EN-ISO 9001 que permite levar a cabo os procesos de fabricación e instalación de forma controlada.

- Por outro, un control de calidade interno e externo que permita dispor do Certificado de Calidade Marca "N" de AENOR para os produtos de sinalización vertical, que garanten o cumprimento da normativa UNE no campo da sinalización.

D) Sinalización horizontal


- **Preparación da superficie de aplicación:**

Antes de proceder á aplicación da marca viaria, realizárase unha inspección do pavimento co fin de comprobar o seu estado superficial e posibles defectos existentes. Cando sexa necesario, levárase a cabo unha limpeza das superficies para eliminar a sucidade ou outros elementos contaminantes que puideran influír negativamente na calidade e duración da marca viaria a aplicar.

A marca viaria que se aplique será, necesariamente, compatible co substrato (pavimento ou marca viaria antiga); no caso contrario, deberá efectuarse o tratamento superficial mais adecuado (borrado da marca viaria existente, aplicación dunha imprimación, etc), podendo esixir ó Director da Obra, as operacións de preparación da superficie de aplicación, xa sexan de reparación propiamente ditas, ou de substrato da compatibilidade entre o substrato e a nova marca viaria.

En pavimentos de formigón eliminaranse os elementos de curado que permanezan na superficie.

- **Execución de marcas viarias.**



CONCELLO DE SANTIAGO

A aplicación da pintura non poderá levarse a cabo se o pavimento está húmido ou mollado, ou se a temperatura non está comprendida entre 5° C e 40° C, ou se a velocidade do vento supera os 25 km/h.

A campaña de pintura executarase nas estacións de primavera a outono, a criterio da Dirección Facultativa.

Sobre as marcas viarias pintadas recentes deberá prohibirse o paso de todo tipo de tráfico mentres dure o proceso de secado inicial das mesmas. As marcas non poderán presentar manchas ou sinais polo paso daquel, en caso contrario, o contratista quedará obrigado a reparar ditos defectos de súbito. Non poderán executarse marcas viarias nas datas nas que se dean circunstancias climatolóxicas desfavorables ou outras causas, a xuízo da Dirección da Obra.

O adxudicatario deberá ter equipos de traballo compostos de persoal e material para que nun prazo de 12 horas, como máximo, poidan comezar e continuar ininterrompidamente a realización de aqueles traballos ou subministro de pintura, etc que considere urxentes e necesarios a Dirección de Obra ata a súa total finalización.

En xeral, o adxudicatario dispoñerá da maquinaria, man de obra, material e demais elementos necesarios para a correcta realización dos traballos incluídos no presente Prego.

- **Premarcado.**

Previamente á aplicación dos materiais que conformen a marca viaria, levárase a cabo un coidadoso premarcado das obras que garanta a correcta terminación dos traballos. Para iso, cando non exista ningún tipo de referente axeitado, créase unha liña de referencia, ben continua ou mediante puntos, que serán os necesarios para a definición previa da marca viaria.

O prezo do premarcado inclúese nos prezos contemplados nos cadros de prezos do contrato.

- **Eliminación de marcas viarias.**

Para a eliminación de marcas viarias, deberán empregarse sempre métodos non destrutivos do pavimento, utilizando normalmente o fresado que producirá o menor deterioro posible no pavimento, rexenerándoo se fora necesario, mediante a aplicación de betume asfáltico.

O borrado coa pintura negra só se empregará cando, a xuízo da Dirección dos traballos, se considere necesario por urxencia, debendo de ser borrado definitivamente, sen previo aviso, nun prazo máximo de tres días.

Queda expresamente prohibido o en Prego de decapantes e de procedementos térmicos.

E) Execución da sinalización vertical.

O adxudicatario subministrará e colocará e manterá os sinais verticais, ou só os subministrará segundo lle indique a Dirección Facultativa.

As pezas de ancoraxe e calquera outro elemento que se empregue, coma soporte da sinalización, executarase con chapa ou termo normalizado de aceiro galvanizado, coa excepción dos parafusos de ancoraxe que serán de aceiro inoxidable.

Evitarase que uns sinais e carteis perturben a visibilidade doutros, ou que o fagan outros elementos situados preto do bordo.

A empresa adxudicataria coidará en calquera caso, que a resistencia dos elementos cimentados sexa a necesaria para evitar afundimentos, caídas polos axentes atmosféricos, por rotura de baldosas e outras, sendo responsables dos danos, lesións e gastos que se produzan como consecuencia do inadecuado cumprimento do aquí indicado.

Previamente á instalación da sinalización, levarase a cabo o replánteo da mesma que garanta que ó remate dos traballos estes cumprirán as especificacións indicadas neste Prego.

Para a instalación dos sinais utilizarase, sempre que sexa posible, sacatestemuñas ou perforadora circular.

F) Bolardos, biondas e outros elementos do contrato.

O adxudicatario subministrará, colocará e manterá os bolardos, ou só os subministrará segundo lle indique a Dirección Facultativa.

G) Condicións xerais.

O que resulte adxudicatario deste concurso, axustarase para a fabricación de materiais de sinalización horizontal e vertical, bolardos, biondas, etc. execución dos traballos, control de calidade, etc ó indicado no presente Prego, e ó previsto no Prego de Prescricións Técnicas Xerais de Obras de Estradas P.G-3 e as actualizacións e modificacións habidas, e demais normativa que resulte de aplicación.

Os elementos subministrados serán entregados nos almacéns que indique o Técnico Municipal da Sección de Circulación, no tempo e forma acordados por anticipado.

Art. 18) Organización dos traballos.

• **Sectores sinalización horizontal, vertical e outros elementos:**

Para a ordenación dos traballos obxecto deste Prego divídese o termo municipal nos sectores seguintes:

Nº	SECTOR
1	Zona monumental
2	Ensanche
3	Sar
4	Belvís
5	Fontiñas
6	Campus Sur
7	Galeras, Vista Alegre
8	Ponte Pedriña. Restollal
9	San Caetano
10	Vite. Vista Alegre. Camiño dos Vilares
11	Conxo
12	Choupana. Conxo
13	Vidán. Choupana
14	Sar. Picaños. Castiñeiríño
15	Cancelas
16	San Lázaro
17	Meixonfrío

18	Antiga CN 550. Saída Coruña
19	Polígono Industrial do Tambre
20	Polígono Industrial Costa Vella
21	Resto de viario principal. Non contemplado e de titularidade municipal
22	Resto periferia
23	Rural

Os camiños do rural clasificaranse nos niveis IV, V e VI de acordo co P.X.O.U vixente.

A realización de marcas viarias executarase en cada unha destas zonas, aplicando os distintos tipos e cores de pintura, ata completar cada unha.

A sinalización vertical revisarase ase mesmo por zonas, dando prioridade ás vías de tráfico máis intenso e realizando os labores de reparación de sinais e outros elementos; limpeza completa: cada ano e cando sexa necesario pola existencia de adhesivos, pintadas farase, pintado de postes, etc e demais necesarias.

A programación dos traballos farase en función das necesidades e estado de conservación das marcas viarias, presentando o adxudicatario a oportuna proposta á Dirección Facultativa, quen indicará as distintas prioridades.

A planificación dos traballos contará coas folguras necesarias para atender as emerxencias que poidan xurdir, debendo de realizarse unha campaña inicial de revisión de choque, nos primeiros tres meses a partires de que sexa efectivo o contrato.

Art. 19) Sinalización traballos a realizar.

Tódolos traballos a realizar serán sinalizados e balizados de acordo coa Instrución 8.3-I.C. Sinalización de Obras e no seu caso de acordo coa Sinalización Móbil de Obras, sendo os sinais e conos a instalar reflexivos en tódolos casos e cos elementos luminosos necesarios.

Para realizar traballos con luz diúrna e en especial en horario nocturno, ou con pouca visibilidade os vehículos levarán desteladores (xirofaros) sobre a cabina, parte posterior ou en ambas, que se deberán utilizar obrigatoriamente.

Cando para a realización dos traballos se requira o corte de carrís, rúas, etc, o adxudicatario instalará a sinalización e balizamento necesarios e os carteis de sinalización dos desvíos de tráfico, no seu caso.

